
A QUE SABE A LÚA?

Texto e ilustracións de **MICHAEL GREJNIEC**

Tradución de **CARMEN BARREIRO**

Encadernado en cartón. 19,5 x 29 cm. 36 páx. 15 €.

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) - 2004

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

A que sabe a lúa? (galego)

ISBN 978-84-8464-625-9. Tras os montes.

¿A qué sabe la luna? (castelán)

ISBN 978-84-8464-564-1. Clásicos contemporáneos.

¿A qué sabe la luna? (castelán)

ISBN 978-84-92608-84-3. Makakiños.

De què fa gust la lluna? (catalán)

ISBN 978-84-8464-561-0. Clàssics contemporanis.

Nola dastatu llargia? (éuscaro)

ISBN 978-84-95123-77-0. Gaur egungo klasikoak.

A que sabe a Lua? (portugués)

ISBN 978-972-8781-09-5. Clássicos contemporâneos.

A taste of the moon (inglés)

ISBN 978-84-8464-746-1. Books for dreaming.

*Había moito tempo que os animais andaban a matinar
a que sabía a lúa. Era doce ou salgada?*

*Só querían probar un anaco pequeno. Polas noites,
miraban ansiosos para o ceo. Estarricábanse e estiraban
o pescozo, as pernas e os brazos, tentando collela...*

Quen non soñou algunha vez con darlle unha dentada á lúa?

Este foi precisamente o desexo dos animais deste conto.

Tan só querían probar un anaquiño pero, por máis que se estiraban, non eran quen de tocala. Daquela, a tartaruga tivo unha idea xenial: “Se sobes ao meu lombo, poida que cheguemos onda ela”, díxolle ao elefante.

Esta é unha historia de desexos que parecen -a primeira vista- inalcanzables, como a lúa, pero que conseguen facerse realidade grazas á cooperación. Unha axuda mutua da que son partícipes animais moi variados: a tartaruga, sobre a que se sostería o mundo, segundo a mitoloxía; o elefante, a xirafa, a cebrá, o león, o raposo... Ata que, finalmente, o máis pequeno de todos...

A medio camiño entre a fábula e a lenda, este relato ofrece unha poética ensinanza que fala de xenerosidade, solidariedade e soños compartidos. Cunha chisca de humor; o que achega unha lúa sorrinte, burlona e algo saltadora.



■ **Temática:** os animais únense para probar a que sabe a lúa.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** estrutura acumulativa; contén póster medidor; dispoñible en versión adaptada ao sistema de pictogramas para lectores con necesidades de apoio educativo (colección Makakiños); reflexión sobre a forza da unión, a solidariedade; animais, sabores, distancias, astros.

Michael Grejniec

“A que sabe a lúa?”, escrito e ilustrado polo autor e ilustrador polaco Michael Grejniec, é un libro especialmente recomendado para primeiros lectores. A súa estrutura baséase nas repeticións e na acumulación de personaxes, un recurso moi frecuente na literatura tradicional. Esta obra invita a ser contada, logrando a interacción entre o narrador e os receptores. Dende o punto de vista estético, as ilustracións destacan polo seu estilo sinxelo e cálido, ao que contribúe o soporte sobre o que están realizadas, en papel-couché. A distribución das imaxes e do texto, sobre fondo branco, proporciona un grande equilibrio que potencia o efecto artístico do libro.

